



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE XANEIRO DO 2022.

Sesión 01/2022-P

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p>ASISTEN TELEMATICAMENTE</p> <p>D. Ramiro Blanco Montero (PSOE)</p> <p>D. Jaime Presas Beneyto (interventor)</p> <p><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 27 de xaneiro do 2022, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, coa asistencia telemática a través da aplicación Zoom dos que se citan, por atoparse en causas das sinalas na Disposición Adicional Terceira do ROM, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todas e a todos a este Pleno ordinario do Concello de Sada, convocado para ter lugar no Salón dos Plenos. Antes de dar comezo á sesión o presidente aclara que hai dúas persoas confinadas, un concelleiro e o interventor, pero que han asistir tamén telematicamente, nunha sesión que ha ser de asistencia mixta ou semipresencial para lles garantir o seu dereito a participar. Seguidamente, anuncia que procede á retirada dos puntos 3º e 4º da orde do día logo de ver o informe emitido hoxe pola secretaria do Concello.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 14/2021).



Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación asistentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 14/2021, do 29 de decembro.

A sra. Pardo fai dúas observacións, remitíndose á vídeo-acta. Indica con relación o punto 6º.C, de rogos e preguntas, que na primeira pregunta de plenos anteriores, a de vulneración do preceptuado na Lei 4/2007, debe cambiarse a resposta *O sr. Alcalde respóndelle que non o consultou por si, está permitido darlle o atestado*; e que na segunda pregunta das desa sesión, sobre o informe do TAX remitido o Xulgado, haberá de substituírse *O sr. Alcalde respóndelle que se lle mandará toda a documentación e que era café-bar especial* por *O sr. Alcalde respóndelle que se lle mandará toda a documentación e que era cafetería, cafetería ou bar*. Sometida a votación con esas dúas correccións, apróbase por unanimidade a acta da sesión núm. 14/2021, do 29 de decembro coas ditas modificacións, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- CONTA XERAL DO ORZAMENTO EXERCICIO 2020.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Especial de contas e Facenda núm. 01/2022, do 24 de xaneiro, que recolle:

<<1.- *Inadmitir as reclamacións á conta xeral presentadas por Juan Esteban Méndez Leiva no seu propio nome como empregado público no Concello de Sada e na súa condición de secretario xeral da sección sindical da Unión Sindical Obrera (USO). Rexistro 202199900005763 do 23 de decembro de 2021 por carecer manifestamente de fundamento de conformidade cos argumentos contidos no expediente.*

2.- *Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2020.*

3.- *Renderlle a Conta ao tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo>>.*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Administración local, Administración electrónica, Contratación e Seguridade Cidadá; a sra. Pardo (PSOE), quen di que o seu grupo hase abster; da sra. Salorio Porral (PP), quen tamén manifesta que hase abster o seu grupo; e do presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 7 (5 PP e 2 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- *Inadmitir as reclamacións á conta xeral presentadas por Juan Esteban Méndez Leiva no seu propio nome como empregado público no Concello de Sada e na súa condición de secretario xeral da sección sindical da Unión Sindical Obrera (USO). Rexistro 202199900005763 do 23 de decembro de 2021 por carecer manifestamente de fundamento de conformidade cos argumentos contidos no expediente.*

2.- *Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2020.*

3.- *Renderlle a Conta ao tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo.*



3º.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2022 (AMORTIZACIÓN DE POSTOS VENCELLADA AO ANEXO I DE PERSOAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2022).

Punto retirado da orde do día.

4º.- ORZAMENTO 2022.

Punto retirado da orde do día.

5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 23 de decembro do 2021 (núm. 2.587) ata o 21 de xaneiro do 2022 (núm. 74).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 23 de decembro do 2021 (núm. 2.587, do expediente 2021/G003/002682) ata o 21 de xaneiro do 2022 (núm. 74, do expediente 2022/G003/000079), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Non se presentaron.

C. Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) solicita con base no art. 65.2 do ROM que se abra un pequeno debate sobre o que di que foi un rogo da sesión anterior, relativo á inmediata posta a disposición dun atestado policial, producíndose o dito debate, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Salorio Porral (PP) e do presidente sr. Portela Fernández (SM), ademais da propia sra. Pardo. A continuación, insiste sobre dúas preguntas que di que están sen contestar da sesión anterior, a relativa á cuarta pregunta, sobre as alteracións de cota con respecto dos estremeiros na parcela 423 do polígono 15 no Tarabelo; e a relativa á segunda pregunta, sobre a investigación xudicial dos locais.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula os seguintes rogos:

1º) Con relación á necesidade de intervención no PXOM, que se estude a posibilidade e de ser posible se inicie o procedemento para depuraren as responsabilidades que correspondan os xestores da situación actual que di que vai levar o concello a desembolsar unha suma importante.

2º) Que se facilite canto antes a documentación solicitada e que leva sen se responder dende hai tempo.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta:

1ª) Á sra. Mondaca González (SM), concelleira delegada de Cultura, polos espazos para ensaiar dos grupos musicais noveis.

2ª) Á sra. Rodríguez Pena (BNG), concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo e Emprego, polo custe da App de Comercio e Turismo de Sada presentada a finais de outubro do 2019 e que di que non se está a utilizar.

3ª) Á sra. Mondaca González (SM), concelleira delegada de Cultura, pola desinstalación do cableado do



alumado público do Nadal.

4ª) Á sra. Reimúndez Suárez (BNG), concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade, sobre se tiña coñecemento da condición de asalariado dun non hai moito 4º tenente de alcalde deste concello coa concesionaria contratada do SAF, a modo de posible *porta xiratoria*, e a súa posible relación co incremento do custe do servizo, logo de no se ter licitado; así como se podía dar conta disto na próxima sesión.

5ª) Ao presidente, sr. Portela Fernández (SM), se ha haber este ano axudas para as terrazas da hostalería, por mor de ter que seguir a convivir co virus causante da Covid-19, e pola administración encargada da xestión das terrazas da rúa da Praia.

6ª) Ás sras. Reimúndez Suárez (BNG) e Nogareda Marzoa (AV), tenentes da Alcaldía, se están orgullosas de que dous auxiliares de policía asumisen funcións que non lles corresponden co coñecemento do alcalde e do xefe acetal. da Policía; e se saben das súas posibles consecuencias para o concello e para as actuacións que practicaron.

O sr. García Cotelo (PP) pregunta, con respecto de evitar a demolición dun edificio situado na avenida de Sada y sus Contornos:

1ª) Se o alcalde pensa seguir coa corrección de erros do PXOM que expuxo na Comisión Informativa de Urbanismo.

2ª) Se está orgulloso o alcalde de no ter sido quen de traer nun ano e medio unha simple corrección de erros o pleno.

3ª) Logo dunha exposición para os efectos, como se fai para conseguir obter unha licenza cunha corrección de erros e non cunha modificación puntual do PXOM.

A sra. García Freire (PP) pregunta:

1ª) Polo prazo que se lle deu á empresa para a reposición das árbores mortas do muro de Fontán por falta de mantemento e hai canto tempo venceu o dito prazo.

2ª) Á sra. Nogareda Marzoa (AV), concelleira delegada de Educación e Deporte, a quen di que hai dous meses xa se lle preguntara polo pagamento do segundo prazo da axuda de custe do transporte escolar do ano pasado.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 00 minutos do día xoves 27 de xaneiro do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.